

Florença, 12 de maio de 1820 – Londres, 13 de agosto de 1910



Florence Nightingale

Pertencente a unha familia inglesa moi rica, naceu en Florença (Italia) porque seus pais, William Edward Nightingale e Frances Smith, realizaron durante os primeiros anos do seu matrimonio unha longa viaxe turística. Puxéronlle este nome como homenaxe á cidade na que naceu.

Seu pai defendía o dereito das mulleres a recibir formación. Deste xeito Florence e súa irmá foron instruídas, por unha tía e o propio pai, en latín grego, historia e matemáticas.

Florence rogoulles a seus pais que lle deixasen estudar matemáticas, pois sentía gran atracción por esta materia. Eles puxeron grandes impedimentos xa que súa nai só pensaba que a súa filla debía casar e non vía a utilidade que poderían ter as matemáticas para unha muller casada.

Ao fin acadou a súa pretensión e un dos seus titores foi o matemático James Joseph Sylvester (1814 – 1897). Aprendeu aritmética, xeometría e álgebra.

Despois de recibir esta formación dedicouse durante un tempo a ser titora de nenos, tomando o seu traballo con tanto empeño que deseñaba excelentes plans de leccións, conservándose algúns deles no Museo Británico.

A súa verdadeira vocación for ser enfermeira.

Esta decisión atopouse cun rexeitamento familiar practicamente imposible de superar pois consideraban este traballo impropio da súa clase social.

Adquiriu verdadeira notoriedade durante a Guerra de Crimea (1854-1856). O seu gran logro estivo en aplicar os seus coñecementos matemáticos ao traballo da enfermería.

Axudándose de métodos estatísticos (recompilación e organización de datos, realización de cálculos, busca das causas que producían os resultados obtidos...) rebaixou de forma espectacular as taxas de mortalidade dos soldados.

Para convencer ás autoridades das súas teorías e conseguir os recursos necesarios, creou uns gráficos estatísticos (antecesores dos actuais *diagramas de sectores*) que se denominaron *Diagrama de Área Polar*, ou "coxcombs" como os chamaba ela.

En 1858 converteuse na primeira muller que foi membro electo da Royal Statistical Society polas súas contribucións as estatísticas do exército e hospitalarias e en 1874 nomeárona membro honorífico da American Statistical Association.

